



A nosa Rosalía

Obradoiro de Poesía Creativa

Sonia Lebedynski

Para que a poesía?

- para liberar ás palabras.
- para vestir os sonhos.
- para crear novos mundos.
- para reinventar os acontecementos.
- para buscar flores no medio da cinza.
- para facer máis intensa a vida.
- para descubrir talentos.
- para transformar pensamentos.
- facer posible o imposible

Na poesía non contamos, amosamos o mundo a través dos nós mesmas. Non hai paxaros na poesía senon aves fecunda cheas de cores, non hai ceos na poesía senon teitos de estrelas, non hai tristura senon horas frías na poesía, hai mares con sereas en lugar de praias.

Neste obradoiro de poesía creativa, coñeceremos a poesía a través dos versos da nosa escritora máis ilustre, a nosa Rosalía. Vestiremos as palabras con roupas coidadas e crearemos novos mundos cas letras.

<http://anosarosalia.blogspot.com.es/>

Este será o noso caderno de bitácora onde iremos pendurando as nosas aprendizaxes e creación...comezamos?



A nosa **Rosalía**

Obradoiro de **Poesía Creativa**

Sonia Lebedynski

ACTIVIDADES

Martes 16 de febreiro

1. Dinámica de grupo para coñecernos. Explicación das actividades que levaremos a cabo no obradoiro (10min).
2. **Coñecendo a Rosalía.** Historias de vida. Xogo de tarxetas. (15min).
3. **Rosalía en imaxes.** Descubriremos que nos din de Rosalía as imaxes que coñecemos. Intervención artística co rostro da autora. (15 min).
4. A **poesía apta para todos os públicos.** Conceptualización do termo. Usos e recursos (15 min).
5. **Caligrama.** Elaboraremos o caligrama que nos inspire o fragmento da autora que máis nos guste (10 min).
6. **As verbas rosalianas.** Traballaremos o vocabulario máis vencellado á autora, as palabras cheas de significado que Rosalía foi depositando nos sesu versos. Faremos unha intervención musical empregando a aplicación SMULE ca que crearemos o rap das **Verbas Rosalianas** (15 min).
7. **#eusonrosalia.** Creación de micro poemas a partir de versos da autora.
8. **Músicas para Rosalía - Parte I.** A presenza e a importancia da autora na música como fonte de inspiración permanente. Escoitaremos algúns exemplo da música feita para Rosalía e aprenderemos algunha das cancións cos versos da autora.

Martes 23 de febreiro

9. **Na lingua de Rosalía.** Ata onde chegan os versos Rosalianos? Aprenderemos a recitar en lingua de signos un dos poemas da autora (15 min).
10. **Creación poética por substitución.** Comezaremos facendo os nosos poemas a través de outros poemas da autora dándolle un novo sentido ao texto poético desde a nosa óptica. En cada verso substituiremos dun máximo de dúas palabras do orixinal da mesma categoría gramatical (15 min).

11. **Da palabra ao verso.** A partir dun tema, escolleremos as palabras , verbos e adxectivos clave como punto de partida para as nosas creacións (15 min).
12. **Collage rosaliano.** Faremos un corta e pega dos versos de Rosalía para dar forma a un novo poema , resultado das combinacións cos seus propios versos. Entre 8 e 12 versos con estrutura métrica definida ABBA CDDC (EFFE) ou ABAB CDCD (EFEF)
13. **Retahílas con palabras pequenas.** Xogo lingüístico. Pequenas composicións de versos empregando únicamente palabras monosílabas. Uso do diccionario.
14. **Videocreacións** con algunhas das composicións realizadas no obradoiro. Traballo opcional para levar a cabo fora do obradoiro.
15. **Músicas para Rosalía – Parte II.** A presenza e a importancia da autora na música como fonte de inspiración permanente. Escoitaremos algúns exemplo da música feita para Rosalía e aprenderemos algunha das cancións cos versos da autora.